# GALICIA ANOS 50

## Un país retratado nas páxinas de *Vida Gallega*

### INTRODUCIÓN

Entre 1954 e 1963 editáronse en Galicia os 77 números que integran a segunda época dunha cabeceira histórica, a revista *Vida Gallega*.

Trátase dun documento excepcional e practicamente nada estudado imprescindible para dar a coñecer á sociedade de hoxe cómo se vivía no noso país hai medio século, e que se facía, dende o punto de vista cultural, artístico, social e mesmo empresarial nuns anos que hoxe permanecen esquecidos.

ALVARELLOS EDITORA posúe os dereitos maila colección completa desta publicación (os dereitos da cabeceira de *Vida Gallega* pertencen á familia paterna de Henrique Alvarellos Casas, director de Alvarellos Editora e sobriño-neto de Xosé Iglesias Presa, quen foi o propietario de *Vida Gallega* dende 1954. Hoxe é moi difícil, por non dicir imposible, atopar a colección completa desta revista). Tamén contamos cun amplo, variado e valioso material orixinal – manuscritos de autores, fotos da época, ilustracións orixinais para a revista, etc— dos traballos publicados ao longo deses nove anos.

Con todo este material, Alvarellos Editora prepara unha exposición que percorrerá as principais cidades de Galicia.

## AS PORTADAS DE *VIDA GALLEGA*

As 77 portadas de *Vida Gallega* son verdadeiros cadros elaborados polos artistas máis sobranceiros desa época.

Atopamos obras de **Urbano Lugrís, Castro-Gil, Díaz Pardo, Álvaro Cebreiro, Julia Minguillón ou Manuel Prego de Oliver**. Boa parte delas, feitas exclusivamente para esta publicación.

Cómpre subliñar as realizadas por Urbano Lugrís, máis de trinta extraordinarias portadas feitas para *Vida Gallega* e que, dende que foron publicadas na revista, quedaron esquecidas.













De arriba abaixo e de esquerda á dereita, catro espectaculares portadas de *Vida Gallega*.
Os autores: Lugrís, Isaac Díaz Pardo, Julia Minguillón e de novo Lugrís.

## O GALEGUISMO POSIBLE

*Vida Gallega* foi tamén unha plataforma onde puido desenvolverse o "galeguismo posible" da época, o chamado "exilio interior".

Nas súas páxinas escribiron, maioritariamente en castelán, pero tamén en galego: **Manuel María, Álvaro Cunqueiro, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Fernández del Riego, Carballo Calero, Ánxel Fole, Antonio Fraguas, Pura Vázquez, Pozo Garza**, etc. A maior parte deles, colaboradores habituais. E tamén **Camilo José Cela, Mariano Tudela, Leandro Carré, Urbano Lugrís, Valentín Paz Andrade, Benito Varela Jácome, Antonio Fraguas**, etc.

Nos arquivos de Alvarellos Editora posuímos manuscritos orixinais de moitos destes artigos, así como fotos dedicadas, cartas, fotografías orixinais, gravados, probas de imprenta…

En fin, todo o material que foi quedando dende aquela, propio dunha redacción dunha revista mensual. A sede de *Vida Gallega* estivo ubicada en Vigo ata fins de 1956, data na que pasou a Lugo cidade, ata 1962.

## GALICIA EN ROSA

*Vida Gallega* concedía unha enorme importancia á parte gráfica. De feito, foi toda unha avanzada neste tipo de maquetacións, con fotos ás veces a casi unha páxina, ou reportaxes feitas só con fotos e pés de fotos.

Dentro delas, destacan as páxinas que poderiamos chamar de "crónica social" ou, en terminoloxía de hoxe, "crónica rosa": bailes nos Liceos, Casinos, etc da época; casamentos, bautizos, postas de longo, premios culturais e doutra índole a persoeiros da época… O que configura unha galería moi ilustrativa da vida social daqueles anos cincuenta e primeiros sesenta.

Outro apartado o protagonizan as fotos "turísticas" de descubrimento de cidades ou vilas, un amplo fondo gráfico (un dos mellores) das nosas urbes naquel tempo.

E un terceiro contido gráfico o proporcionan as múltiples fotografías de actos culturais da época: homenaxes ou actos cos protagonistas da época, como Pedrayo, Cabanillas, Risco, Cunqueiro, etc.



MARUJITA VIGO, guapa del Centro Cultural de Santo Tomás

Esta es ROSITA GARCÍA MEIRIÑO, independiente, que resultó elegida GUAPA DE LA CORUÑA 1958, al vencer por un solo voto de diferencia a PILAR CABARCOS RAIMONDO (foto inferior), representante del Centro Cultural y Deportivo de Santa Lucía. La fiesta final se celebró en el Hotel Finisterre, organizada por la Asociación de la Prensa de La Coruña. Al escribir estas líneas, se sabe que la Guapa de La Coruña se ha clasificado para la final del concurso nacional de bellezas. No es extraño, ¿verdad?

MARISOL DOCAL, que también representó al Centro Cultural y Deportivo de Santa Lucía

CHELITO CEBALLOS, guapa del Círculo Taurino

## GUAPAS DE LA CORUÑA

MARÍA DEL ROSARIO RODRÍGUEZ, de la Reunión de Artesanos

LITA GARCÍA, representante del Liceo de Monelos

MARY CARMEN BABÍO DE LA IGLESIA, otra independiente



Tras los trabajos pasados durante la época primaveral, estas dos preciosas «mademoiselles» han decidido disfrutar en los meses de verano.

—¿Adonde iremos?, preguntó Jacqueline.

—¿Te parece bien Suiza?

—Yo ya la conozco, Monique. Me agradaría más otro país.

—¿España?

—¡Oh!, sí, sí. Quiero ir a España.

—Muy bien; yo también lo estaba deseando. En este mes de vacaciones vamos a recorrer toda España.

—Eso es, contestó Jacqueline. Podemos empezar por el Norte y Galicia. Me dijeron que es una región preciosa, siempre verde, con un clima ideal y unos chicos «fenómeno», muy simpáticos.

Jacqueline y Monique se dirigieron en seguida a la Oficina de Turismo.

—¿Qué desean las señoritas?

—Quisiéramos que nos facilitase una ruta bonita y cómoda para ir a Galicia.

—Un momento, por favor.

## LA MODA

El empleado de la Oficina regresó con unos tos de propaganda.

—Pueden ustedes ir en ómnibus, en ferroc en barco.

—¿Por cuál te decides, Jacqueline?

—Me agradaría más el viaje en barco.

—A mí también.

Y ya tenemos a los «mademoiselles» ante queta de una blanca y elegante motonave, g por anticipado de las delicias del viaje.

Efectivamente, fué un viaje delicioso el qu zaron Monique y Jacqueline. Y deliciosa asimismo, su estancia en Galicia.

Nos consta, que les costó mucho trabajo sar a París.

* * *

Como recuerdo de su inolvidable paso p paña, la Casa Caruncho-Elías, de Madrid, les dos preciosos modelos: El de la foto supe titula «Novillada». El de la inferior, «Pa Ambas causaron sensación en París, cuando line y Monique se incorporaron a su trabajo.



PRESENTACIONES EN SOCIEDAD

MARY NATI RODRÍGUEZ LÓPEZ y ROSA MARY BURGOS ARECHAGA

puestas de largo en el baile-festival de Reyes celebrado en el Casino de Monforte de Lemos

Un grupo de animados jóvenes vigueses luciendo el disfraz con que asistieron al baile del Círculo Mercantil, en el que se otorgaron premios a los más vistosos

VILMITA PRADO LEIVAS
hija de don Pedro Prado Cinza y doña Vilma

CONOZCA LAS BELLEZAS DE
MALLORCA
A TRAVÉS DE
VIAJES CANTABRIA
SOLICITE PRESUPUESTO O INFORMACIÓN PARA SU VIAJE EN
ORENSE — Cardenal Quiroga, 18
PALMA DE MALLORCA — Av. Conde Sallent, 55
CORUÑA - VIGO - LUGO - SANTIAGO - FERROL





Tres de los atavíos que más éxito tuvieron durante las pasadas fiestas de La Coruña fueron los que en estas fotos exhiben, de izquierda a derecha, las señoritas Pili Páramo (primer premio en el R. C. Náutico), Diana Rodríguez Miguel (primer premio de la Asociación Cultural Iberoamericana) y Emilita Pérez Mosquera, nuestra colaboradora de la «Página para la Mujer». Tres guapas jovencitas que bien merecen ilustrar esta página. (Fotos CANCELO)

## DISFRACES DEL ANTRUEJO

Este simpático grupo infantil —orgullo legítimo de mamás y papás— corresponde a uno de los bailes de niños que se celebraron durante las pasadas fiestas en el Centro Gallego de Madrid,

22

Catro estampas sociais da época: unha selección de “Guapas de La Coruña”, mostra dos últimos deseños téxtiles para mulleres, Presentacións en Sociedade e “Disfraces del Antruejo”.

## ARTE & INDUSTRIA

Os anuncios publicitarios que se espallan por toda a publicación son outra mostra interesantísima da actividade comercial e económica de Galicia e completan a visión artística, cultural e social dos apartados anteriores.

A popularidade desta revista, que tiña un bo mercado en hispanoamérica (e tiraxes de máis de 30.000 exemplares por esta época –chegou a ter tiraxes de 70.000 exemplares antes de Guerra Civil–), a súa enorme difusión, como dicimos, atraeu a toda a clase comercial deses anos, que quería estar presente en *Vida Gallega* e ser vista por toda a colectividade emigrante. Moitos dos anuncios son verdadeiras obras de arte, mostras dun cartelismo xa desaparecido mais cun valor indiscutible.










Selección de cinco anuncios das catro provincias galegas: Bodegas Gallegas, Zeltia, Caja de Ahorros, Viso e Refrey




